

“O xornalismo tamén é literatura”

MANUEL VIDAL VILLAVERDE

Yashmina, poderías facer unha breve epitome do teu recente libro en prosa publicado por Xerais?

“Fundación Libélula” narra a historia de tres mulleres, Gladys, Helena e Laura de diferentes idades e procedencias, que viven en situación de precariedade na que se senten atrapadas e da que queren saír. O azar fará que cada unha atope, no momento máis complicado da súa vida, a persoa que lle axudará a iniciar unha nova vida, a avogada María Xosé Muradas. Unha triunfadora que decide dar continuidade a súa vocación de axuda creando unha institución para as mulleres en situación de dificultade: a “Fundación Libélula”.

Son compatíbeis o xornalismo e a literatura?

Penso que, de feito, o xornalismo é unha das múltiples vertentes da literatura e, polo tanto, non só son compatíbeis senón complementarias. Son estilos de escrita moi diferentes que, ademais de constituír un reto son moi enriquecedoras por que obrigan a traballar moito para estar a altura as privilexiadas coma min, que desenrolamos os dous ámbitos. **O día que non sexan necesarias leis ou decretos normalizadores, así como días internacionais disto e do outro, estaremos máis próximos á felicidade que inutilmente procuramos..?**

Unha pregunta moi difícil de contestar. Os seres humanos somos imperfectos por natureza e temos tendencia a querer o que non temos aínda que iso supoña vulnerar os dereitos dos demais.



A escritora Yashmina Shawki, co seu libro “Fundación Libélula”.

BORJA T.

Para garantir a protección deses dereitos inalienables as persoas dotámonos de leis. Cando academos ese estado de perfección que nos leve a querer o ben dos demais tanto como o noso propio, e respectemos aos demais, se cadra ese día non farán falla máis normas pero, ata entón, mellor faremos aportando o noso grao de area, non só para sermos felices nós, senón tentar que o sexan os que están ao noso carón.

Que tal te levas coa poesía?

Moi ben, de feito eu empecei es-

“CANDO ACADEMOS ESE ESTADO DE PERFECCIÓN QUE NOS LEVE A QUERER O BEN DOS DEMAIS, ESE DÍA NON FARÁN FALLA MÁIS NORMAS”

cribindo poesía aos seis anos. Seguí facéndoo ata chegar a Universidade e deixeiño entón ata fai uns tres anos cando volví a retomala. Pero, nunca presentei ningún traballo para a súa publicación nin creo que o faga porque é unha forma de expresión demasiado persoal.

Cal será teu próximo libro?

Agora mesmo hai tres obras en estudo por editoriais e estou traballando en catro proxectos máis que non rematarei ata o ano que ven.